



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Conña)
Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

SESION PLENARIA ordinaria

Día venres 8 de xullo de 2022,

No Salón de Plenos da Casa do Concello, cando son as 13:44 horas do día venres 8 de xullo de 2022, a fin de celebrar Sesión ordinaria convocada previamente para este día, reúnen os seguintes concelleiros:

ASISTENTES:

MANUEL FERREIRO MARZOA	34893023E	PP
JESUS MIGUEL PRADO CEA	46910475C	PP
JESÚS FRANCO SÁNCHEZ	76329065T	PP
OSCAR BOTANA RUA	44842883J	PP
JUAN CARLOS PORTOS BRA	76368290X	PP
M ^a ANGELES ALVAREZ CARRO	76363609K	PP
ENRIQUE ASTRAY OTERO	45955540E	PSOE
JOSÉ LUIS PEREIRA BAO	76363600N	PSOE
AURELIO GAREA PORTOS	79310360N	PSOE
MANUEL MIGUEZ VILLAVARDE	35314415P	BNG

baixo a Presidencia de ROBERTO REY MARTÍNEZ 79314640Z como Alcalde- Presidente, e coa asistencia da Secretaria do Concello Ángela María Viqueira Allo.

ORDE DO DÍA.

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DO PLENOS ANTERIORES

Preséntanse para a aprobación, no seu caso, a acta correspondente s sesión plenaria que tivo lugar na data de 13/05/2022, distribuída coa convocatoria.

O alcalde cede a palabra aos voceiros dos distintos grupos para que se pronuncien sobre cada unha das actas, e sobre se teñen observacións ou emendas sobre elas.

O Sr. Alcalde advirte un erro na acta consistente en que no encabezado está incorrecta a data: onde di 11 de marzo; debe dicir 13 de maio

VOTACIÓNS E ACORDOS

1.1 APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA 13/05/2022. Sométese a aprobación da acta da sesión plenaria de 13/05/2022, a votación ordinaria, e obtense o resultado de unanimidade de todos os concelleiros e concelleiras presentes a favor da aprobación.

2.- DACIÓN EN CONTA DE DECRETOS.

Dáse conta ao Pleno das resolucións da alcaldía ditadas que van dende o número 2022/73 ao número 2022/109, en cumprimento do disposto no artigo 42 do Regulamento de organización,



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Conña)
Telefo: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.diaruna.es

funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (Real Decreto 2568/1986, 28 de novembro), que estiveron a disposición dos concelleiros e concelleiras dende a convocatoria do Pleno.

3.-MOCIÓNS.

Non hai

4.-INFORMES.

O alcalde-presidente toma a palabra para informar dos seguintes asuntos:

INFORMES ALCALDÍA PLENO XULLO 2022

1.CONVENIO URBE: "HUMANIZACIÓN DOS ENTORNOS DE PAPUCÍN DE FONTE SANTAIA"

ORZAMENTO DO CONVENIO: 156.567,17€ distribuidos nas seguintes anualidades:

Porcentaxes da achegas	2022	2023
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (70% do custe estimado)	18.631,49 €	90.965,53 €
Concello de Frades (30% do custo estimado)	7.984,93 €	38.985,22 €
Total	156.567,17 €	

*Incluído no programa electoral do grupo de goberno.

2. PARQUES BIOSALUDABLES:

ANO	% TOTAL SUBVENCIÓN	IMPORTE
2021	50,00%	10.103,58€
2022	50,00%	10.103,57€
TOTAL		20.207,15€

Adxudicado "SUMINISTRO E INSTALACIÓN DE CINCO PARQUES BIOSALUDABLES" a CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L. por importe de 26.550,41 euros, correspondendo en concepto de IVA (21%) 5.575,59 euros, o que fai un total de **32.126,00 euros**.

SUBVENCIÓN AGADER A TRAVÉS DO GDR DA COMARCA DE ORDES
APORTACIÓN DO CONCELLO 11.918,85 €



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Conña)
Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@fraidesdiaruna.es

*Incluído no programa electoral do grupo de goberno.

3. CONCESIÓN SUBVENCIÓN PARA O FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓN EN MATERIA DE RESIDUOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL

Financiación da Unión Europea (Fondos Next Generation)

SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA BIOTRITURADORA DE RESIDUOS DE PODAS:
9.346,50 € (Consellería Medioambiente)
ORZAMENTO TOTAL LICITACIÓN: 12.900 €
APORTACIÓN CONCELLO: 3.553,50€

4. MANCOMUNIDADE ORDES

- Servizo de atención temperá -> Cambio de ubicación para a sala 22 Anxíños na planta 3ª do Centro Sociocunitario Isabel Zendal do Concello de Ordes.

- Servizo centro de información a Muller -> Cambio ubicación para o piso alugado onde estaba o Servizo de Atención Temperá.

5. ACTIVIDADES DE VERÁN

O Alcalde informa das actividades programadas para o verán 2022.

5.-ROGOS E PREGUNTAS.

- MANUEL MIGUEZ VILLAVERDE, concelleiro do grupo municipal do BNG plantexa a seguinte pregunta

1.- *Na obra que se está a realizar no centro comunitario a empresa que a está levando a cabo deixou escombros cuestionables*

O Sr. Alcalde responde que ese escombros utilízase para a propia obra, que xa se advertir por parte do concello que algúns materiais de ese escombros non resultaban adecuados requirindo a empresa en cuestión que procedese a súa retirada. Dito escombros resulta necesaria para a execución da obra.

-*Ese escombros de onde é?*

O Sr. Alcalde responde que é dunha obra da empresa adjudicataria.

O concelleiro advirte que este tipo de actuación non considera que sexa un exemplo cívico e exemplarizante para a cidadanía.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Conña)
Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dia.runa.es

-ENRIQUE ASTRAY OTERO, concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE plantexa as seguintes preguntas orais:

1.- A un veciño chéganlle as cartas doutro pode ser unha cuestión do padrón?

O Sr. alcalde responde que pode ser que os número das casas non coincidan cos reais que constan no padrón e de ahí esas situacións.

- AURELIO GAREA PORTOS, concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE plantexa as seguintes preguntas orais:

1.-Por qué non se realizan actuacións de cara a que os veciños leven o seu escombro ao concello para ser utilizados coma neste caso e así evitar abandonos.

O Sr. alcalde responde que se habilitan e poñen a disposición dos veciños todos os medios para a recollida de escombros e diferentes materiais.

- MANUEL FERREIRO MARZOA, concelleiro do grupo municipal do PP, aclara respecto á cuestión do escombro que nesta obra en cuestión prévese no proxecto técnico dispoñendo a obra dun director de obra que resulta responsable da actuación en sí, sendo polo tanto completamente legal dito feito.

Dado que non hai máis asuntos de que tratar na Sesión de hoxe, o Sr. Alcalde- Presidente levanta a sesión cando son as 14:06 horas, no lugar e data indicados, coa sinatura do Alcalde- Presidente e da Secretaria- Interventora que dá fe.

O ALCALDE

A SECRETARIA

Asdo.: Roberto Rey Martínez

Asdo. Ángela María Viqueira Allo.